



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
Sección de Educación, Cultura e Deportes

Referencia: BART-AP / 2017

Expediente: 201700006031

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DEFINITIVA DAS BOLSAS PARA PERFECCIONAMENTO DE ESTUDOS ARTÍSTICOS 2017- ÁREA DE ARTES PLÁSTICAS E VISUAIS DURANTE O ANO 2017

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña.

A Resolución de Presidencia nº 25025 do 10/08/2017 aprobou a concesión provisional das BOLSAS PARA PERFECCIONAMENTO DE ESTUDOS ARTÍSTICOS 2017- Área de artes plásticas e visuais, e concedeu un prazo 10 días hábiles para comunicar, se é o caso, o desistimento da solicitude, presentar alegacións ou emenda de erros.

Visto que finalizou o prazo concedido aos interesados pola resolución devandita e visto que non se presentaron desestamentos, nin alegacións ou emendas.

Vistos o informe do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes e o informe do Servizo de Fiscalización.

RESOLVO:

1.- Conceder definitivamente as bolsas aos solicitantes que se relacionan no Anexo 1 polos importes que se indican, con cargo á partida orzamentaria 0612/3262/481, sendo o importe total proposto de 27.000,00€.

2.- Dispor o gasto das bolsas concedidas con cargo á seguinte aplicación orzamentaria: 0612/3262/481, fase A, operación nº 220170007459, importe:27.000,00€.

3.- Publicar a presente resolución na web da Deputación Provincial da Coruña, co que se entenderá notificada aos interesados, de acordo co establecido no art. 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A título informativo, publicar esta resolución no taboleiro de edictos.

ANEXO 1. CONCESIÓN DAS BOLSAS

	Solicitudes	Importe bolsa
Persoa beneficiaria	JACOBO BUGARÍN OSORIO	
NIF	33299813E	9.000,00€
Expediente	2017000010229	
Obxecto	Proxecto formación individual. Programa de estudos personalizado en Ar.co	

Persoa beneficiaria	MARÍA VANESA CASTRO LÓPEZ	
NIF	32817827R	9.000,00€
Expediente	2017000010104	
Obxecto	Deseño e produción de proxectos de intervención artística e cultural no medio rural	

Persoa beneficiaria	PABLO RODRÍGUEZ BARREIRO	
NIF	77402242C	9.000,00€
Expediente	2017000010231	
Obxecto	A Condición da Forma; investigación sobre a reproductibilidade na Cerámica.	

Total concedido

27.000,00€

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.